

Cousas do mundo

Copiamos a continuación o poema “Cousas do mundo”, reproducido pola *Revista Gallega* da Coruña.

Contidos:

- *Revista Gallega*, nº 635, 26 de maio de 1907, p. 4-5.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Arquivo da Emigración Galega

Rúa Galeras, 13 / 15705 Santiago de Compostela / A Coruña
Tel: +34 981 557351 / Fax: +34 981 582985 /
aemigracion@consellodacultura.org

COUSAS DO MUNDO

*El muerto al hoyo,
y el vivo al bollo.*

Adios, Marica. –Adios, Xan;
Dios te vexa ir, Xaniño
–Non me esquezas. –Non,
curmán;
pirmeiro me arrincarán
o curazón do seu niño.

Así ó pé d'un castiñeiro
cand'o sol n'o mar morría,
daba un adios derradeiro
a Marica de mesía
o quinto Xan de Loureiro.

Horas dimpois, un vapor
d'a Cruña saleu fungando
pra Cuba, e de pé á estribor,
estoupando de delor,
un recruta iba chorando

.....
.....

«Soldados: ¡de frente! mar...!»
«¡Carguen! ¡á la bayoneta!!»
«¡Viva España, y á matar!!!»
Xan comeza a tolear
desque sinteu a corneta;

E lembrándose de España,
de Marica e de sua nay,
de cote n'a sua compañía,
vidas gadañando vay
com'a morte co'a fouzaña.

Chegou ó cume d'a serra,
mambises desfarrapando,
mais... quixo á lurpia d'a guerra
ferilo, e cayeu por terra
cal paxariño piando...

E Marica a namorada
¿de pena quizais morreu?
Do diaño: oxe está casada,
que axiña o morto esqueceu
ó son d'a gaita n'a ruada.

E conta algún, que si aquél
lle recordan, pol-a duda,
ela dí, doce cal mel:
«Si che me caso co él
cediño quedo viuda.»

RICARDO CONDE SALGADO

BUENOS AIRES